

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE DECEMBRO DE 2020

Ás 11:05 horas do día 2 de decembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 27 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2 e 4)
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 3, 5 e 6)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares" (661-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
 3. CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.
 4. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
 5. IMPERVELPER, S.L.



6. LAPATIÁN, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación; concretamente deberá presentar un novo DEUC debidamente cumprimentado, dado que o presentado contén varias preguntas relacionadas cos motivos de exclusión da parte III sen cubrir (incumprimento das obrigas no ámbito do Dereito Social, situación de quebra, insolvencia, convenio cos acredores e situación análoga á quebra).

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do servizo de supervisión e apoio loxístico fronte ao COVID 19 no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.486-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L., EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U., MENKEPEER NORTE, S.L., SILICIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L. e TRISQUEL SERVICIOS AUXILIARES S.L.U.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitor	Porcentaxe de desconto único de aplicación aos prezos unitarios	Nº de horas festivas diurnas sen custo para o concello	Nº de horas laborais diurnas sen custo para o concello
1	ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L.	7%	10h	10h
2	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.	3,3%	10h	10h
3	MENKEPEER NORTE, S.L.	5%	10h	10h
4	SILICIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.	0%	-	-
5	TRISQUEL SERVICIOS AUXILIARES, S.L.U.	37.818,42 € (prezo total)	-	-

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Á vista da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64A-C6D1B3-8HEC8D-P65J2Q-X9LAAT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. SILICIA SERVICIOS INTEGRALES, S.L.
3. TRISQUEL SERVICIOS AUXILIARES, S.L.U.

b) Outorgar un prazo de tres días aos licitadores que deseguido se relacionan para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL, S.L.: deberá presentar un DEUC debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente por persoa con poder de representación, xa que o DEUC presentado está sen cubrir.
2. MENKEPEER NORTE, S.L.: a solvencia técnica declarada no DEUC resulta insuficiente. Se dispón de solvencia técnica suficiente deberá presentar un novo DEUC onde indique esta circunstancia, ben indicando outros servizos ou traballos similares a maiores do xa indicado ou ben respondendo afirmativamente á pregunta *“Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos”* recollida na parte IV do DEUC.

Lémbrese que, segundo o esixido na cláusula 8.4.3 do PCAP os licitadores deberán ter realizado servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) por importe igual ou superior a o prezo do contrato (41.034,50 euros).

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares" (661-441)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de aforo, afluencia e concentración de persoas para o cumprimento do protocolo COVID-19, no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.488-106)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 27 de novembro de 2020 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, así como o informe que rectifica o anterior de data 30 de novembro.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 30 de novembro e acorda excluír deste procedemento a DYNICON SYSTEMS, S.L. por ter incorporado no sobre B información relativa ao criterio avaliado mediante fórmula previsto no apartado 7.B.2 da FEC (*“Lonxitude de rúa fóra da Zona Crítica (en metros lineais) a maiores, dentro do ámbito indicado no PPT, para o control de aforos, a través do sistema de vídeocámaras proposto”*) (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2B do PCAP).

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64A-C6D1B3-8HEC8D-P65J2Q-X9LAAT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de control de aforo, afluencia e concentración de persoas para o cumprimento do protocolo COVID-19, no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.488-106)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Propón como porcentaxe única de redución dos prezos unitarios	Propón un incremento de ml. de lonxitude de rúa fóra da zona crítica
1	ITERA TÉCNICA	5%	400ml

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Marcos López con DNI **.74.46*, en representación de ITERA TÉCNICA, S.L. e D. Roberto Santiago Garcia Lafuente con DNI **.22.65* en representación de DINYCON SISTEMAS S.L.

A Mesa comproba que a única oferta admitida non contén valores anormais e acorda, por unanimidade, á vista do recollido na cláusula 16.3 do PCAP outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula:

	Licitador	Propón como porcentaxe única de redución dos prezos unitarios	Propón un incremento de ml. de lonxitude de rúa fóra da zona crítica	Total
1	ITERA TÉCNICA	35 puntos	40 puntos	75 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador no Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ITERA TÉCNICA	23 puntos	75 puntos	98 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de decembro de 2020, de DYNICON SISTEMAS, S.L. por ter incorporado no sobre B información relativa ao criterio avaliable mediante fórmula previsto no apartado 7.B.2 da FEC (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2B do PCAP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64A-C6D1B3-8HEC8D-P65J2Q-X9LAAT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do servizo de control de aforo, afluencia e concentración de persoas para o cumprimento do protocolo COVID-19, no ámbito da programación do Nadal 2020-2021 (7.488-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ITERA TÉCNICA	23 puntos	75 puntos	98 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITERA TÉCNICA (B-27.791.599), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A64A-C6D1B3-8HEC8D-P65J2Q-X9LAAT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		